

Peregrinación a Celanova.

Fomos coñecer o impresionante mosteiro que San Rosendo fundou na Idade Media.

No mes de Outubro os nenos do 2º e o 3º ciclo de primaria fomos de peregrinación a Celanova. O 2007 foi o Ano Xubilar de San Rosendo xa que se celebraba o MC Aniversario do seu nacemento (907 – 2007). Por este motivo nós quixemos visitar o Mosteiro que el fundou. Acudimos á misa do peregrino, tivemos unha visita guiada polo Mosteiro e por unha exposición que había alí.

Comemos o bocadillo na
Alameda de Celanova,
aproveitando o bo día
que facía.

Comemos na Alameda de Celanova e pola tarde visitamos o pobo de Vilanova.

San Rosendo naceu en Santo Tirso (Portugal), o 26 de Novembro do 907 nunha familia noble. Os seus pais foron Gutierrez Melendez e Ilduara Eriz. O seu pai era o home de confianza do rei Alfonso III. A súa nai recorreu o mesmo camiño de santidad co seu fillo.

Fundou un dos Mosteiros
máis importantes de
España.

Rosendo viviu co seu tío-abuelo Sabarico II, Bispo de Mondoñedo para que o seu lado recibise unha formación humana, intelectual e relixiosa. Continuou a súa formación en Portomarín onde aprendeu latín

e Biblia.

Morre o seu tío Sabarico II e no ano 925 Rosendo aínda que é moi novo é nombrado Bispo de Mondoñedo. Alí estivo dez anos, liberando escravos e oprimidos, restaurando Igrexas e Mosteiros e socorrendo pobres e necesitados.


No ano 940 renuncia ó bispado de Mondoñedo. Funda o Mosteiro de Celanova cos seus bens e os da súa familia. Alí retírase para vivir coma un monxe.

No ano 955 é nombrado polo Rei de León, gobernador de Galicia. En medio de grandes dificultades, é capaz de pór paz entre os nobres enfrentados e divididos. Demostra ser un grande pacificador.

Cara ó ano 965 acepta ser administrador do obispado de Iria-Compostela. Estivo pouco tempo, pero logrou poñer paz e orde nos conflitos, renovar a vida relixiosa e achegar a todos un pouco máis a Deus.

San Rosendo distinguíuse
sobre todo polo seu
carácter pacificador.
Enseñounos que os
conflitos resolvense
sempre falando, e nunca
pelexando.

Polo ano 968 os normandos do norte de Europa entraban polas rías galegas, roubaban e sementaban o terror nos pobos. El non dubidou en poñerse ó



San Rosendo retratado nun debuxo.

fronte dun exército para alonxalos e defender ós campesiños dos seus ataques.

Volta ó mosteiro de Celanova e alí pasa os últimos anos da súa vida como monxe e abade da comunidade. Foi un exemplo para todos polo seu grande amor a Deus e ós irmáns.

O día 1 de marzo do 977, morreu unido a Deus e rodeado dos monxes. Enterrouse no mosteiro e dous séculos despois é declarado santo.